

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

POIO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DO CATÁLOGO DE GRUPOS DO PLAN MÚSICO-CULTURAL DO CONCELLO DE POIO

BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DO CATÁLOGO DE GRUPOS DO PLAN MÚSICO-CULTURAL DO CONCELLO DE POIO

1. Obxecto

Nunha realidade social, económica e cultural claramente condicionada pola crise socio-sanitaria actual, a Concellería de Cultura ten un especial interese en promover e manter a actividade musical, reforzando a programación dos diferentes eventos realizados no noso municipio con grupos de música local, para evitar a súa desaparición e cooperar ao tempo con este sector duramente afectado pola crise da COVID-19.

Con este fin, o catálogo pretende ser un instrumento vivo, útil e eficaz para dar visibilidade e coñecemento dos diferentes grupos de música existentes no noso municipio fomentando a súa participación nas festas patronais e naquelas actividades de carácter cultural realizadas no término municipal de Poio relacionadas co patrimonio, a historia, a arte, a literatura, actividades cinematográficas, exposicións de artes plásticas ou temas similares que fomenten a educación cultural da poboación, e que serán obxecto de valoración por parte do Servizo de Cultura.

O Plan está deseñado para promover a consecución dos seguintes obxectivos segundo os parámetros da Axenda 2030:

- Modernizar a inscrición dos grupos locais de música a través dun catálogo virtual, que será actualizado de maneira constante durante a vixencia do programa.
- Incentivar a actividade cultural de xeito sostible mediante a promoción de entidades musico-culturais do municipio de Poio, dándolles visibilidade e valorizando o seu labor. Con isto, contribúese ao crecemento económico e sostible deste concello.

2. Catálogo de grupos do Plan Músico-Cultural

O catálogo de grupos do Plan Músico-Cultural do Concello de Poio estará adscrito ao Servizo de Cultura do Concello de Poio, que asumirá as funcións asociadas á súa xestión.



3. Entidades destinatarias e categorías

Poderán solicitar a inclusión no catálogo do Plan Músico-Cultural todas aquelas manifestacións artísticas que teñan o seu domicilio fiscal no concello de Poio e que se inclúan nalgunha das seguintes categorías:

- 1.—Agrupacións folclóricas.
- 2.—Pandereteiras.
- 3.—Corais.
- 4.—Música popular instrumental (charangas, batucada, acordeóns, grupos guitarra...).
- 5.—Música popular: Solistas.

4. Contido do catálogo

O catálogo incluírá a seguinte información:

- Nome artístico.
- Categoría.
- Datos identificativos da persoa representante e de contacto da agrupación.
- Breve descrición da proposta artística.
- Necesidades técnicas para a súa actuación.

5. Acceso aos datos do catálogo

Os datos contidos no catálogo serán públicos e estarán publicados en <https://concellopoio.gal>

A lexitimación do tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público e no consentimento das persoas solicitantes.

6. Inscripción no catálogo e prazo

As solicitudes de inscrición neste Catálogo presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Poio:

<https://concellopoio.sedelectronica.gal/dossier.0>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores, segundo o previsto no artigo 14.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.



Aquelas persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica do Concello de Poio.

O prazo de presentación de solicitudes das agrupacións interesadas comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e estará aberto todo o ano.

7. Documentación

Para seren incluídas neste Catálogo, as persoas interesadas presentarán a seguinte documentación:

- Relación nominal dos compoñentes do grupo co seu número de NIF.
- Breve descrición da proposta artística.
- Indicación das necesidades técnicas para a súa actuación.

O Concello de Poio poderá adoptar as medidas oportunas de comprobación e auditoría dos datos achegados..

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderalles requirir a exhibición do documento orixinal para cotexar a copia electrónica presentada.

8. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas estean obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou se deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións practicaranse a través da sede electrónica do Concello de Poio. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emendas.

A sede electrónica do Concello de Poio permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á súa Carpeta Ciudadana. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta Lei, que emende as faltas ou presente os documentos preceptivos nun prazo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non facelo, se terá por desistida da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

10. Inclusión no catálogo

O Servizo de Cultura levará a cabo a inclusión periódica dos grupos solicitantes nas correspondentes categorías segundo a clasificación establecida na base terceira.

A instrución do procedemento corresponderalle á concelleira de Cultura, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polas entidades interesadas.

O servizo de Cultura examinará as solicitudes presentadas e ditará a proposta de resolución. A resolución do procedemento realizarase por Decreto da Alcaldía, e será notificada na forma establecida na base 8.

11. Modificación de datos e baixas no catálogo

O catálogo de grupos permanecerá vixente tanto para o ano 2021 coma para posteriores mentres siga activo o Plan Músico-Cultural. Non obstante, este catálogo poderá sufrir modificacións tanto pola inscrición de novos grupos, en calquera momento, coma por baixas dos existentes.

As modificacións e as baixas de grupos do catálogo tramitaranse a petición da persoa interesada. Poderase efectuar a baixa de oficio se se comproba que o grupo non existe.

A solicitude a instancia de parte realizarase preferiblemente por vía electrónica a través do modelo “instancia xeral”, dispoñible na sede electrónica Concello de Poio:

<https://concellopoio.sedelectronica.gal/dossier.0>

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas suxeitas a ela. Se as persoas interesadas non están obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitalas presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Martes, 15 de xuño de 2021

Núm. 112

As solicitudes de baixa a petición da persoa interesada deberán presentarse cunha antelación mínima de 30 días se o grupo tivese actuacións autorizadas con cargo a este programa.

12. Dereitos e obrigas das entidades ou persoas inscritas

As agrupacións incluídas no catálogo teñen dereito a:

- Ser incluídas no Catálogo do Plan Músico-Cultural do Concello de Poio na categoría correspondente.
- Ser retribuídas polas actuacións autorizadas segundo o establecido nas bases reguladoras do Plan Músico-Cultural, a través do cal as entidades interesadas, como organizadoras dos actos, poderán solicitar os grupos do catálogo. Os importes subvencionables serán os que se recollen na base décimo terceira.

Así mesmo teñen a obriga de:

- Desenvolver as actuacións que se lles asigne, e soamente nos casos de forza maior debidamente xustificadas quedarán exentas de realizalas.
- Empregar unha linguaxe non sexista nas súas actuacións.
- Cumprir coa normativa de seguridade e hixiene vixente no momento, así como as recomendacións das autoridades competentes relativas ao COVID-19 no desenvolvemento da actuación.
- Comunicar calquera cambio nos datos da agrupación para manter actualizado o catálogo de grupos.

13. Retribucións

O Concello de Poio retribuirá cada actuación autorizada con cargo ao Plan Músico-Cultural cos seguintes importes (IVE engadido), independentemente de que os grupos teñan un caché superior:

- Agrupacións folclóricas: 240,00 € (actuación en procesións, misas e concertos).
- Pandereteiras: 210,00 €
- Corais: 240,00 €
- Música popular instrumental (charangas, batucada, acordeóns, grupos guitarra...): 240,00 €
- Música popular (solistas): 150,00 €.

14. Pagamento

O pagamento das actuacións autorizadas con cargo a este programa efectuaráselle directamente ás agrupacións musicais, que deberán emitir a correspondente factura ao Concello de Poio, facendo constar na descrición o nome da festa/actividade e a mención ao Plan Músico-Cultural 2021.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: LR4F6GH1RSGNQXC



Martes, 15 de xuño de 2021

Núm. 112

Así mesmo xuntarán á factura o certificado acreditativo da realización da actuación, debidamente asinado polo representante da asociación ou comisión de festas a que lle foi concedida a mesma.

O pago realizarase unha vez presentado o certificado acreditativo da actuación e recibida a correspondente factura, que deberá presentarse, no prazo máximo de 30 días naturais contados dende a data da realización da actuación e, en todo caso, antes da finalización do ano en curso.

15. Vixencia

O Catálogo de grupos acollidos ao Plan Músico-Cultural do Concello de Poio permanecerá vixente e estará activo durante o exercicio 2021, así como nos posteriores, mentres o programa se manteña.

16. Órgano de aprobación

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno Local.

17. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na sede electrónica do Concello de Poio:

<https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/>

18. Protección de datos

En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Poio, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre Protección de Datos na páxina web do Concello de Poio na seguinte ligazón www.concellopoio.gal/index.php/politica-de-privacidade.



Martes, 15 de xuño de 2021

Núm. 112

SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO CATÁLOGO DE GRUPOS DO PLAN MUSICO-CULTURAL DO CONCELLO DE POIO**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME		CIF	
ENDEREZO			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE

NOME		DNI	
ENDEREZO			
CARGO			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

NOME ARTÍSTICO**CATEGORÍA DA MANIFESTACIÓN ARTÍSTICA Á QUE SE PRESENTAN (sinalar unha ou varias opcións):**

- Agrupación folclórica.
- Pandereiteiras.
- Corais.
- Música popular instrumental (charangas, batucada, acordeóns, grupos de guitarra...).
- Música popular: solistas.

BREVE DESCRICIÓN DA PROPOSTA ARTÍSTICA

--

INDICACIÓN DAS NECESIDADES TÉCNICAS PARA A SÚA ACTUACIÓN

--



Martes, 15 de xuño de 2021

Núm. 112

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Relación nominal dos compoñentes do grupo co seu número de NIF.

Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos

- Fun informado de que esta entidade vai a tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que se acompaña como Anexos

<i>Responsable</i>	<i>Concello de Poio, con CIF P3604100B e domicilio social en Praza do Mosteiro 1, 36995 Poio (Pontevedra)</i>
<i>Finalidade</i>	<i>A finalidade da recollida e tratamento dos datos son: Xestión e control das subvencións concedidas e recibidas Xestión e control de subvencións e convenios así como a xestión de subvencións e patrocinio recibidos polo Concello Xestión e control administrativo das comisións de subvenciones</i>
<i>Destinatarios</i>	<i>Poderase ceder os datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Igualmente poderán ser cedidos a un terceiro interesado que solicite acceso e sexa pertinente conforme as normativas vixentes. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.</i>
<i>Dereitos</i>	<i>Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos. Deberá para isto remitir a súa solicitude por correo electrónico á dirección ou mediante escrito dirixido A/A Secretaría do concello de Poio ó seu domicilio social.</i>
<i>Información adicional</i>	<i>Pode consultar información adicional e detallada sobre Protección de Datos no Portal de transparencia do concello de Poio na seguinte ligazón https://concellopoio.sedelectronica.gal/transparency</i>

Poio, ____ de _____ de 2021

Asdo.:



Martes, 15 de xuño de 2021

Núm. 112

PLAN MÚSICO-CULTURAL 2021 / CERTIFICADO ACREDITATIVO DA ACTUACIÓN

D./Dña. _____ con DNI núm. _____ en calidade
de _____ da entidade/asociación _____ con CIF _____ e
dirección _____

CERTIFICO:

Que o grupo _____ actuou o día _____ na festa/actividade/evento
denominado _____

E para que así conste, aos efectos de xustificación da actuación realizada con cargo ao Plan Músico-Cultural do Concello de Poio para o ano 2021, asino o presente certificado no lugar e data sinalados.

Poio, __ de _____ de 2021

Asdo.: o/a representante

NOTA: o presente certificado deberá ser presentado no Concello de Poio pola agrupación musical xunto coa correspondente factura da actuación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ILR4F6GH1RSGNQXC

